



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA
E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS PARA A CESIÓN
DE INFORMACIÓN DE CARÁCTER TRIBUTARIO ASÍ COMO DOS DE MAIS
INGRESOS DE DEREITO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS E
SUBVENCIÓNS E A CONTRATACIÓN COA ADMINISTRACIÓN**

En Santiago de Compostela, 8 de abril do 2015

REUNIDOS

Dunha parte, o Sr. D. Valeriano Martínez García, na súa condición de Presidente da Axencia Tributaria de Galicia, en nome e representación da devandita entidade, e en virtude das facultades que lle conceden as normas xurídicas que regulan o exercicio do seu cargo, e sinaladamente o artigo 14 do Decreto 202/2012, de 18 de outubro, polo que se crea a Axencia Tributaria de Galicia e se aproba o seu estatuto.

E doutra, D. José Manuel Rey Varela, na súa condición de Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias, en nome e representación da mesma, no exercicio das competencias atribuídas no artigo 44 e 46.1 b) dos seus Estatutos.

Recoñécense mutua e reciprocamente ambas as dúas partes a capacidade legal necesaria para formalizar o presente Convenio, a cuxo efecto

EXPOÑEN

I

O Presidente da Axencia Tributaria de Galicia ten asignada, segundo o artigo 14 do Decreto 202/2012, de 18 de outubro, polo que se crea a Axencia Tributaria de Galicia (en adiante ATRIGA) e se aproba o seu estatuto, a subscripción, en nome da entidade que preside e nas materias que sexan da competencia da ATRIGA, de convenios de colaboración con entidades públicas e privadas excluídos da lexislación de contratos do sector público.




A Federación Galega de Municipios e Provincias (en diante Fegamp) é unha Asociación constituída polos Entes Locais que voluntariamente o decidan, gozando de personalidade xurídica plena e pública para o desenvolvemento que lle son inherentes, gozando de plena capacidade para subscribir convenios e contraer compromisos ou obrigas, figurando entre os seus fins a representación e defensa das Entidades Locais, a promoción das competencias locais e calquera outro que afecte ou incida directa o indirectamente nos seus asociados.

Os Municipios son entidades básicas da organización territorial do Estado e cauce inmediato de participación cidadana nos asuntos públicos, que institucionalizan e xestionan con autonomía os intereses propios das correspondentes colectividade. E as Provincias son entidades locais con personalidade xurídica propia, que gozan de autonomía para xestionar os intereses propios das correspondentes colectividade.

II

No marco de colaboración mutua que debe presidir as relacións entre as Administracións Públicas e segundo o principio establecido no artigo 4.1.c) da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, e á luz do preceptuado na Lei 11/2007, do 22 de xuño de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, os representantes de ambas as dúas partes consideran que sería moi beneficioso para o cumprimento dos seus respectivos fins o establecemento dun sistema de subministración de información da que poida dispor a Xunta de Galicia a favor das Entidades Locais e que permita a esta obter a información que precisa para o exercicio das súas funcións de forma áxil e unha diminución dos custos soportados polas partes que subscriben o presente convenio.

Asemade, este principio de colaboración se recolle na normativa local: tanto no artigo 10 como no artigo 55.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local establecen o principio de colaboración entre a Administración Local e o resto de Administracións Públicas. Neste sentido, o artigo 57 da devandita lei establece que, con carácter xeral, a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e o resto de Administracións Públicas territoriais (Estado e Comunidades Autónomas) poderá ter lugar, en todo caso, mediante os consorcios ou convenios administrativos que subscriban. Neste mesmo sentido pronúncianse os artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración local de Galicia.



III

O marco legal que posibilita o obxecto deste convenio ven constituído principalmente polo disposto nos artigos 3.2, 34.1 g) e 95.1 k) da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria (en adiante LXT). Nestes preceptos establécense os principios reitores da aplicación do sistema tributario; o dereito dos contribuíntes a solicitar certificación e copia das declaracións presentadas e, por último, o artigo 95 apartado 1.k) LXT, como excepción ao carácter reservado dos datos con transcendencia tributaria, prevé a cesión de información tributaria a outras Administracións Públicas para o desenvolvemento das súas funcións, logo de autorización dos obrigados tributarios a que se refiran os datos subministrados. Esa información de carácter tributario deberá ser subministrada preferentemente mediante a utilización de medios informáticos ou telemáticos. En todo caso cando as Administracións públicas poidan dispoñer da información polos devanditos medios, non poderán esixir aos interesados a achega de certificados da Administración tributaria en relación coa devandita información.

Por outra banda cómpre subliñar que a normativa tributaria ten carácter supletorio para o resto dos ingresos de dereito público segundo o disposto na Disposición Adicional undécima da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de Presupostos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2006, en vigor conforme ao sinalado na disposición final 2ª da mesma lei, polo que a cesión de información pretendida tamén está legalmente cuberta no relativo aos datos que podan ser obtidos pola Xunta de Galicia con razón da xestión de calquera outros ingresos de dereito público.

En todo caso, a subministración de información efectuada no ámbito de aplicación deste Convenio deberá respectar os dereitos fundamentais á honra e á intimidade persoal e familiar dos cidadáns e á protección de datos persoais que prescriben os apartados 1 e 4 do artigo 18 da Constitución Española, nos termos previstos na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal e demais normativa de desenvolvemento.

IV

Polo exposto, ambas as dúas partes acordan celebrar o presente Convenio de Colaboración que se rexerá polas seguintes



CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do Convenio

1. - O presente Convenio ten por obxecto establecer un marco xeral de colaboración sobre as condicións e procedementos polos que se debe rexer a cesión, por parte da ATRIGA ás Entidades Locais de Galicia asociadas á Fegamp que se adhiran ao presente convenio, da información sinalada na cláusula sétima, que preserve en todo caso os dereitos das persoas a que se refira a información.

2. – A subscrición do presente Convenio non exclúe nin despraza a calquera outro mecanismo de intercambio de información que poida ter lugar entre a ATRIGA e as devanditas Entidades Locais de Galicia en cumprimento do previsto no ordenamento xurídico, e en particular, polo que se refire á loita contra a fraude fiscal e á loita contra a fraude na obtención ou percepción de axudas ou subvencións a cargo de fondos públicos ou da Unión Europea cuxa xestión teñan atribuída as Entidades Locais de Galicia, segundo o disposto nos artigos 94 e 95.1.d) da LXT.

SEGUNDA.- Finalidade do Convenio

A cesión de información pola ATRIGA terá como finalidade exclusiva a colaboración coas entidades locais de Galicia asociadas á Fegamp no desenvolvemento das funcións que esta teña atribuídas cando, para o seu exercicio, a normativa reguladora esixa a achega dunha certificación expedida pola Xunta de Galicia. Nestes supostos, a información que debe constar en tales documentos solicitarase directamente da ATRIGA, sempre que resulte de interese para o exercicio de tales funcións e se refira a un elevado número de interesados ou afectados.

TERCEIRA.- Principios e regras de aplicación ao subministro de información contemplado neste Convenio.

A subministración de información tributaria así como doutros ingresos efectuada no ámbito de aplicación deste Convenio rexeráse polos seguintes principios e regras:



- Adecuación dos datos subministrados ás funcións e competencias do cesionario.
- Relevancia e utilidade da información para os fins que xustifican a subministración.
- Proporcionalidade entre os datos subministrados e os fins para os que se solicitan.
- Seguridade dos medios de transmisión e acceso empregados.
- Eficiencia e minimización de custos.
- Estrita afectación aos fins que xustifican e para os que se solicitan os datos, sen que a información tributaria poida utilizarse en prexuízo do interesado ou afectado en ningún outro caso.
- Intransferibilidade dos datos subministrados, sen que o destinatario poida volver cedelos a terceiros, salvo nos casos expresamente previstos nos Convenios.
- Prohibición do tratamento ulterior de datos polo cesionario, salvo consentimento do afectado ou autorización legal.

CUARTA.- Autorización dos interesados

A cesión de información tributaria deberá contar coa previa autorización expresa dos interesados, establecida no artigo 95.1.k) LXT, salvo que a cesión teña por obxecto a colaboración para a loita contra o delito fiscal e contra o fraude na obtención ou percepción de axudas ou subvencións a cargo de fondos públicos ou da Unión Europea (artigo 95.1.d) LXT), ou que veña prevista, sen necesidade de autorización previa do interesado, en calquera outra norma de rango legal.

QUINTA.- Destinatarios da información subministrada

A información cedida pola ATRIGA só poderá ter como destinatarios aos órganos das entidades locais asociadas á Fegamp que teñan atribuídas as funcións que xustifican a cesión, incluída os órganos de fiscalización, sen que en ningún caso, podan ser destinatarios órganos, organismos ou entes que realicen funcións distintas das indicadas.

Asemade a información subministrada en virtude deste convenio non poderá ser destinada para fins distintos daqueles para os que foron solicitados, nin poderán ser cedidos a terceiros.



SEXTA.- Natureza dos datos subministrados

Os datos sobre débedas subministrados pola ATRIGA derivan das declaracións realizadas polos contribuíntes, sen que, con carácter xeral, fosen sometidos a actividade ningunha de verificación previa á súa automatización. Non obstante, cando os citados datos fosen comprobados pola ATRIGA, facilitaranse estes.

Tanto a ATRIGA coma as entidades locais poderán solicitar reciprocamente especificacións ou aclaracións sobre a natureza e contido dos datos obxecto de subministración.

SÉTIMA.- Cesión de información de carácter periódico

1.- Para o cumprimento das finalidades descritas na cláusula Segunda, subministrarse, coa periodicidade e contido que se detalla, a seguinte información:

INFORMACIÓN	PROCEDEMENTO	PERIODICIDADE
- Non ter débedas pendentes en período executivo coa Xunta de Galicia	Axudas e subvencións públicas	Diaria
- Non ter presentado declaración do imposto sobre o patrimonio ante a Xunta de Galicia		
- Non ter débedas pendentes en período executivo coa Xunta de Galicia	Contratos coas Administracións públicas	Diaria

2. - Os principios de eficiencia e minimización de custos que deben rexer a aplicación do presente Convenio obrigan ao tratamento telemático das solicitudes efectuadas polas entidades locais asociadas á Fegamp. A tal fin, a ATRIGA en colaboración co Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico- Financeira e Contable (en diante CIXTEC) determinará a aplicación que permita a devandita cesión.

As peticións que se fagan no marco deste convenio deberán conter todos os datos que sexan precisos para identificar claramente aos interesados afectados.



OITAVA.- Procedemento

A) Fase inicial:

Tras a sinatura do presente Convenio, os órganos administrativos das entidades locais asociadas á Fegamp deberán remitir ao seu interlocutor único, a seguinte documentación:

- Datos identificativos do órgano público solicitante (denominación, enderezo, teléfono...)
- Obxecto da subministración de información.
- Procedemento ou función desenvolvida polo órgano solicitante.
- Competencia do órgano (con referencia á concreta normativa aplicable) identificativos do órgano, organismo ou entidade de dereito público solicitante (denominación, enderezo, teléfono...)
- Obxecto da subministración de información.
- Procedemento ou función desenvolvida polo órgano solicitante.
- Competencia do órgano (con referencia á concreta normativa aplicable)

O interlocutor único da devandita entidade local, recibidas todas as solicitudes, remitirá á ATRIGA, unha relación detallada de todos os órganos solicitantes, a normativa en que se recollan as funcións desenvolvidas e a súa competencia, así como o tipo concreto da información solicitada.

Un vez examinada a documentación e comprobado, no seu caso, coa colaboración da Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento, que todas as solicitudes se axustan ao previsto no presente Convenio, o Director da ATRIGA poñerá en coñecemento, tanto do CIXTEC para que proceda a dar de alta ao Órgano na aplicación correspondente da subministración telemática de información, como á devandita entidade local para que teña coñecemento da posibilidade de incluír a partir dese momento, nas peticións a que se refire a letra B) seguinte, aquelas que proveñan dos devanditos órganos xa autorizados.

A incorporación posterior de novos órganos realizarase conforme ao previsto neste apartado.

B) Subministración de información

a) Solicitude:

- Os órganos administrativos da entidade local previamente autorizados, remitirán ao CIXTEC, para cada procedemento administrativo



(concesión de axudas e subvencións ou contratación) por vía telemática unha relación de solicitudes de información na que se incluírán todos os datos que sexan precisos para identificar claramente os interesados afectados e a información solicitada, que deberá axustarse aos dous tipos de información previamente determinados pola ATRIGA. Así mesmo, deberase facer constar que os interesados na información solicitada autorizaron expresamente a subministración de datos, sen que se producise a súa revogación.

- o Na remisión non se poderán incorporar peticións de órganos da entidade local que non fosen previamente autorizadas en virtude do previsto na letra A) desta cláusula.

b) Tramitación e contestación

Un vez recibida a petición, tras as verificacións e procesos correspondentes, o CIXTEC remitirá a información solicitada nun prazo non superior a unha semana dende a recepción da devandita solicitude. No suposto de que algunha petición non fose atendida nese prazo, o usuario poderá coñecer o motivo para que, no seu caso, poida ser obxecto de emenda.

c) Formato:

Tanto a solicitude coma a entrega de información realizaranse por medios informáticos ou telemáticos. En especial, poderá realizarse polos medios e nos termos que estableza o CIXTEC para a expedición de certificacións electrónicas.

NOVENA. - Control e seguridade dos datos subministrados.

1. - O control e seguridade dos datos subministrados rexeráse polo disposto na Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, no Regulamento de desenvolvemento da devandita Lei aprobado polo Real Decreto 1720/2007, de 21 de decembro.

2. - Establécense os seguintes controis sobre os accesos, a custodia e a utilización da información subministrada ao abeiro deste Convenio:



a) Control interno por parte do ente cesionario da información:

As entidades locais asociadas á Fegamp realizarán controis sobre a custodia e utilización que dos datos recibidos realicen as autoridades, funcionarios ou resto de persoal dependente delas e informará a Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento dos resultados obtidos no devandito seguimento.

b) Control polo ente titular da información cedida:

A Intervención Xeral da Xunta de Galicia procederá a acordar outras actuacións de comprobación para verificar a axeitada obtención e utilización da información cedida e das condicións normativas ou convencionais que resultan de aplicación.

DECIMA. - Obriga de sixilo.

As autoridades, funcionarios e o resto de persoal que teñan coñecemento dos datos ou información subministrados por causa deste Convenio estarán obrigados a máis estrita e completa observancia do deber de sixilo respecto deles. A violación desta obriga implicará incorrer nas responsabilidades penais, administrativas e civís que resulten procedentes.

UNDÉCIMA. - Arquivo de actuacións

A documentación relativa aos controis efectuados sobre a custodia e a utilización dos datos cedidos deberá conservarse por un período de tempo non inferior a cinco anos. En especial, deberán conservarse pola entidade local os documentos nos que conste a autorización expresa dos interesados.

DUODÉCIMA. - Efectos da subministración de información

Segundo o previsto no artigo 95.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, na medida na que a entidade local asociada á Fegamp poida dispoñer da información de carácter tributario que precise para o desenvolvemento das súas funcións mediante as canles previstas no presente Convenio de Colaboración, non esixirá aos interesados que acheguen individualmente certificacións expedidas pola ATRIGA.

A subministración de información realizada ao abeiro deste Convenio non terá outros efectos que os derivados do obxecto e a finalidade para a que os datos foron subministrados. En consecuencia, non orixinarán dereitos nin expectativas de dereitos en favor dos interesados ou afectados pola información subministrada, nin



interromperá a prescrición dos dereitos ou obrigas a que poidan referirse aos procedementos para os que se obtivo aquela. De igual modo, a información subministrada non afectará ao que puidese resultar das actuacións de comprobación ou investigación ou da ulterior modificación dos datos subministrados.

DÉCIMO TERCEIRA. - Organización para a execución do Convenio

Co fin de concretar calquera aspecto relacionado co procedemento de subministración de información establecida por este Convenio que precise de desenvolvemento, de coordinar as actividades necesarias para a execución do presente Convenio, así como para levar a cabo a súa supervisión e control, crearase unha Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento composta por dous representantes nomeados polo Presidente da ATRIGA e outros dous nomeados polo Presidente da FEGAMP. En calidade de asesores, con dereito a voz, poderán incorporarse calquera outros funcionarios que se considere necesario.

A Comisión reunirse a instancia de calquera das partes e, polo menos, unha vez ao ano para examinar os resultados e incidencias da colaboración realizada.

A Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento rexerese en canto ao seu funcionamento e réxime xurídico, respecto ao non establecido expresamente na presente Cláusula, pola normativa específica en vigor.

DÉCIMO CUARTA. - Resultados da aplicación do Convenio.

Para avaliar a eficacia do presente Convenio, a ATRIGA e a FEGAMP comprométese, cunha periodicidade polo menos anual, a determinar os resultados derivados da colaboración que se efectúe ao abeiro do disposto neste Convenio, que serán analizados conxuntamente no seo da Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento.

DÉCIMO QUINTA.- Procedemento de adhesión

Tras a firma do presente convenio entre a ATRIGA e a Fegamp, todas as Entidades Locais de Galicia asociadas á Fegamp que o desexen poderán adherirse ao mesmo. Para elo, formalizarán o Protocolo de Adhesión que se achega como ANEXO I a este convenio ante a Dirección da ATRIGA. A ATRIGA remitirá copia dos Protocolos de Adhesión á FEGAMP.



As devanditas adhesións serán inscritas no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia regulado no Decreto 126/2006, de 20 de xullo, e será obxecto de publicidade nos termos do artigo 11 da Lei 4/2006, de 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega.

DÉCIMO SEXTA. - Prazo de vixencia

1. - O presente Convenio terá unha vixencia inicial dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro do 2015 e renovarase de xeito automático anualmente salvo denuncia expresa de calquera das partes. A devandita denuncia deberá realizarse, polo menos, cun mes de antelación á finalización do prazo de vixencia.

2. - A ATRIGA poderá acordar a suspensión unilateral ou a limitación da subministración da información cando advirta incumprimentos da obriga de sixilo por parte das autoridades, funcionarios ou resto de persoal do ente cesionario, anomalías ou irregularidades nos accesos ou no réxime de control ou incumprimentos dos principios e regras que deben presidir a subministración de información, segundo o previsto neste Convenio.

DÉCIMO SÉTIMA. – Financiamento

As actuacións previstas no presente Convenio non xerarán gasto nin darán lugar a contraprestación financeira entre as partes asinantes.

DÉCIMO OITAVA. - Natureza administrativa

O presente Convenio de colaboración é de carácter administrativo, considerándose excluído do ámbito do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público en virtude do art. 4.1 c) do mesmo. As controversias sobre a interpretación e execución deste poderán ser resoltas pola Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento prevista no presente convenio.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na súa interpretación e cumprimento serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional do contencioso- administrativo.

O presente convenio será inscrito no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia regulado no Decreto 126/2006, de 20 de xullo, e será obxecto de publicidade nos termos do artigo 11 da Lei 4/2006, de 30 de xuño, de transparencia e de boas



Axencia Tributaria
de Galicia



fegamp

prácticas na Administración pública galega.

En proba de conformidade, ambas as dúas partes asinan por triplicado a un só efecto na data e lugar indicados no encabezamento.

**POLA AXENCIA TRIBUTARIA DE
GALICIA**



Axencia Tributaria
de Galicia

Valeriano Martínez García

**POLA FEDERACIÓN GALEGA DE
MUNICIPIOS E PROVINCIAS**



FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS
Presidencia

José Manuel Rey Varela